



iniciativas no rural galego

| | |
|--------------------|---|
| Iniciativa | MiAvizor |
| Enderezo | Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Vida. Santiago de Compostela |
| Web | http://www.miavizor.es |
| E-mail | info@miavizor.es |
| Persoa de contacto | Jesús Varela Mallou |
| Fórmula xurídica | Universidade Pública |

A iniciativa



MiAvizor é un sistema avanzado de teleprevención patentado pola Facultade de Psicoloxía da Universidade de Compostela. Mediante un sistema de sensores inalámbricos instalados en puntos estratéxicos do fogar, monitorízanse os movementos da persoa para identificar posibles incidencias: se a persoa non sae da habitación durante todo o día, se respecta os horarios das comidas, etc.

A accesibilidade á información configúrase de forma que poda ser consultada por familiares e por persoal sanitario, de axuda no fogar ou calquera outro que preste servizo á persoa. O acceso é a través dunha plataforma web.

A tecnoloxía non é intrusiva e respecta a intimidade das persoas, posto que non se rexistran imaxes visuais. Emprega sinais que axudan a supervisar os hábitos diarios e avisa dos cambios ou modificacións que indican o posible problema que a persoa pode ter.


A idea xorde despois da avaliación que o Consorcio do Benestar do servizo 'Xantar na Casa', onde se detecta a necesidade de controlar o correcto consumo do subministro semanal de comida. Na actualidade MiAvizor está instalado en máis de 225 vivendas galegas.

Innovación

MiAvizor aplica ao campo da teleprevención os coñecementos que o Grupo Universitario Psicom viña desenvolvendo no campo da análise do consumo.

Trátase de analizar os hábitos persoais para detectar desviacións significativas, como o feito de non abrir a neveira ou permanecer nunha única estancia todo o día.

Os elementos que se monitorizan poden ser: a ausencia de movemento, as caídas, un uso inhabitual do baño, a mala alimentación, trastornos do sono, mobilidade anormal, temperatura inadecuada, o feito de non voltar a casa ou a perda de mobilidade, entre outros.



A través dunha páxina web con seguridade integrada, pódese acceder aos informes, cun acceso só permitido para aquelas persoas previamente autorizadas pola persoa maior ou, no seu defecto, polos profesionais debidamente acreditados.

A mesma información pode ser consultada por diferentes persoas, entre as que se encontra a familia.

Orixes

O proxecto xorde da aplicación dun saber facer metodolóxico ao campo dos servizos sociais comunitarios. O equipo tiña traxectoria avaliando programas como Xantar na casa, a atención domiciliaria ou os servizos de teleasistencia.

En base a este traballo detectouse que os diferentes servizos non se comunican nin coordinan. Unha persoa maior está atendida por numerosas persoas, profesionais ou familiares, que non comparten información.

MiAvizor explora unha solución tecnolóxica enfocada á comunicación e a colaboración entre profesionais e tamén con persoas cuidadoras do ámbito familiar. Por outra parte, busca mellorar a teleasistencia, a través da innovación tecnolóxica, enfocándoa cara á teleprevención. Leva instalado desde 2012.



Recursos

O proxecto conta con cofinanciamento da Xunta de Galicia e a Unión Europea, por importe de 800.000 euros para un período de tres anos. Conta con 500 persoas usuarias de 141 concellos do interior de Lugo e Ourense. Ás persoas usuarias sáelles gratis a instalación ata o 31 de decembro de 2015.

Un activo importante en MiAvizor é a propia familia que, ao poder monitorizar á persoa maior, mantén un maior grao de implicación no seu coidado, e adquire unha capacidade de resposta preventiva ante indicadores de mala alimentación ou sedentarismo, por poñer só dous exemplos.



Retos

Para poder facilitar unha información útil a todas as persoas usuarias é preciso adaptar a ferramenta a dispositivos móbiles e tablets.

Tamén é necesario abrir a monitorización fóra do fogar, por exemplo coa utilización de teléfonos con GPS que permitan coñecer onde se atopa a persoa maior.





Impactos

Territorio intelixente

MiAvizor aplica as novas tecnoloxías á prevención sociosanitaria, permitindo facer seguimento das persoas maiores que viven soas. Aplica coñecementos desenvolvidos noutra área ao campo sociosanitario e da dependencia.

Territorio inclusivo

O envellecemento formula o reto da atención ás persoas que viven soas, sobre todo alí onde hai gran dispersión da poboación. As persoas, maioritariamente, desexan permanecer na súa casa. Na realidade rural galega, en moitas ocasións os fillos e fillas viven a gran distancia. A través de MiAvizor poden facer seguimento e dar apoio aos seus familiares maiores, reducindo a súa vulnerabilidade.

Territorio sustentable

MiAvizor pode incidir na mellora da calidade dos servizos de teleasistencia e teleprevención, e no abaratamento de custos, ao permitir que familiares que viven lonxe fagan un seguimento diario da persoa maior, e ao fornecer de información valiosa sobre a persoa a diferentes profesionais que a atenden.